




# Concello da Coruña

Área / Unidad ASISTENCIA SOCIAL AS0000B SPR	Documento 1051AIOKM4	
Código de verificación  6L71 5X6G 6K2B 1R2G 0GMG	Expediente 105/2025/1520	
	Fecha 20-05-2026	

## 14\_ ANUNCIO SOBRE INICIO DO PROCEDEMENTO DE REVOCACIÓN DE AXUDAS CONCEDIDAS PARA O PAGAMENTO DE COMEDORES ESCOLARES NO CURSO 2025/2026 POR INCUMPRIMENTO DE REQUISITOS

### A.- ANTECEDENTES

A concelleira delegada responsable da Área de Benestar Social, Participación e Igualdade, por delegación da Xunta de Goberno Local (BOP núm. 129 do 05/07/2024), aprobou o 12/03/2025 a *convocatoria para o pagamento de comedores escolares para o curso escolar 2025/2026, por un importe total de 2.253.000,00 euros.*

Como consecuencia do acordo anterior, publicouse no Boletín Oficial da Provincia da Coruña un extracto da convocatoria o día 17/03/2025 (BOP núm. 51) e na Base de Datos Nacional de Subvencións con número de identificación: 819848.

Instruído o procedemento de convocatoria a Concelleira delegada responsable da Área de Benestar Social, Participación e Igualdade, resolveu o procedemento mediante resolución do 17/09/2025 (RES/AYT/16107/2025) con código seguro de verificación CSV 2E6F 1U1Z 1V2C 2D5W 15X3 na que se aprobada a listaxe que contiña de maneira separada as solicitudes concedidas e denegadas, as aceptacións de renuncias e desistencias presentadas, as inadmisións a trámite ou outras circunstancias.

### B.- CONTIDO DO ANUNCIO

A Concelleira delegada do Área de Benestar Social, Participación e Igualdade, por delegación da Xunta de Goberno Local resolveu o 21/05/2026 (RES/9313/2026) iniciar un procedemento de revogación de axudas para o pagamento de comedores escolares no curso 2025/2026 cuxa parte dispositiva se detalla no anuncio que se indica e identifica a continuación para o coñecemento das persoas solicitantes e interesadas, en cumprimento do establecido nos apartados 12 e 15 da convocatoria que regula estas axudas:

**PRIMEIRO.-** *Iniciar de oficio o procedemento de revogación e perda do dereito á cobranza da axuda económica concedida o 17/09/2025 pola Concelleira delegada responsable da Área de Benestar Social, Participación e Igualdade (RES/AYT/16107/2025), con código seguro de verificación CSV 2E6F 1U1Z 1V2C 2D5W 15X3 na que se aprobada a listaxe para o pagamento de comedores escolares no curso escolar 2025/2026, respecto das persoas incluídas nas seguintes listaxes, por incorrer nas causas de baixa contidas no apartado 14.2 da convocatoria aprobada pola Concelleira delegada responsable da Área de Benestar Social, Participación e Igualdade o 12/03/2025.*

- (...)
- 14\_Listaxe de persoas afectadas pola revogación de bolsas comedor por incumprimento de requisitos CSV 6G6R 6P2Y 1X4S 2T4K 02ZU

*As listaxes recollen por filas cada unha das axudas afectadas pola revogación, o requisito da convocatoria cuxo incumprimento a motiva e a data na que se producen os efectos con carácter total ou parcial.*

**SEGUNDO.-** *Coa finalidade de dar publicidade a este acordo de inicio, de conformidade co previsto nos apartados 18.1 e 14.2 da convocatoria aprobada pola Concelleira delegada responsable da Área de Benestar Social, Participación e Igualdade o 12/03/2025, publicarase un anuncio do órgano instrutor no taboleiro de anuncio e edictos do Concello da Coruña, así como nos outros medios sinalados no apartado 12.2 da convocatoria.*



# Concello da Coruña

**TERCEIRO.-** Abrir un prazo de quince (15) días hábiles, que se contarán dende o día seguinte ao de publicación deste anuncio do órgano instructor no taboleiro de anuncios e edictos do Concello da Coruña, durante o que as persoas interesadas poderán presentar documentos ou alegar o que estimen conveniente para a defensa dos seus dereitos, de conformidade co previsto nos artigos 76.1 e 82 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

A listaxe que acompaña este acordo recolle por filas, para cada persoa solicitante, os seguintes campos:

DENOMINACIÓN DA COLUMNA	EXPLICACIÓN DO CONTIDO DA COLUMNA
IDENTIFICADOR DA CONCESIÓN	Número de expediente asociado
CENTRO	Centro educativo asociado á bolsa comedor
IMPORTE DA SUBVENCIÓN CONCEDIDA	Importe total curso 2025/2026 tras a revogación total ou parcial proposta
IMPORTE DA SUBVENCIÓN DO EXERCICIO CORRENTE	Importe imputable á anualidade 2025 tras a revogación total ou parcial proposta
IMPORTE DA SUBVENCIÓN DO EXERCICIO SEGUINTE	Importe imputable á anualidade 2026 tras a revogación total ou parcial proposta
MENSUALIDADE ( SETEMBRO-XUÑO)	Importes mensuais atendendo á modificación tras a revogación
INCUMPRIMENTO REQUISITO CONVOCATORIA	Motivo que provoca a revogación da axuda de conformidade co previsto no apartado 14.2 da convocatoria.
EFFECTOS	Momento no que se producen os efectos da baixa

## C.- INFORMACIÓN ADICIONAL SOBRE O CONTIDO DO ANUNCIO

A información relativa ao procedemento de revogación de axudas para o pagamento de comedores escolares curso 2025/2026, pode consultarse nos seguintes medios:

- Taboleiro de anuncios e edictos municipal:  
<https://sede.coruna.gob.es/opensiac/action/infopublica?method=enter&edictos=true>
- Páxina web de servizos sociais:  
<https://www.coruna.gal/servizossociais/gl?argldioma=gl>

O prazo de presentación de alegacións será de quince (15) días hábiles, comezando a contarse este prazo ao día hábil seguinte ao da publicación deste anuncio no Taboleiro de anuncios e edictos do Concello da Coruña.

**Segundo a data prevista da publicación do anuncio, o prazo para presentar alegacións é dende o día 25 de maio ao 12 de xuño de 2026, ambos incluídos.**

A Coruña, na data de sinatura electrónica do presente documento.

O órgano instructor,

A xefa de Servizo de Acción Social